



PLAN DIGITAL

IES Chan do Monte

Versión 1.01_05.07.2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O IES Chan do Monte, situado en Mogor (Marín) comezou en 1980 como centro de Formación Profesional de Xestión Administrativa, Electricidade Industrial e Marítimo Pesqueira e, no seu segundo ano de existencia, como primeiro centro de Galicia no que se imparte a especialidade de Informática de Xestión.

A día de hoxe, impartimos:

- Ensinanza Secundaria Obrigatoria
- Bacharelatos Tecnolóxico, de Humanidades e Ciencias Sociais
- FP Básica:
 - Informática de Oficina
 - Mantemento de Videndas
- Ciclos Formativos de Grao Medio:
 - Xestión Administrativa
 - Actividades Comerciais
 - Mantemento de Servizos á Produción de Frío e Calor
 - Sistemas Microinformáticos e Redes
- Ciclos Formativos de Grao Superior:
 - Xestión de Ventas e Espazos Comerciais
 - Administración de Sistemas Informáticos en Rede
 - Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma
- Oferta Modular:
 - Ciclo medio de Sistemas Microinformáticos e Redes
 - Ciclo Superior de Desenvolvemento de Aplicacións Web

Dispón dun total de 17 aulas; aula de música, aula de plástica, 3 laboratorios de física, química, bioloxía e xeoloxía; talleres de tecnoloxía da ESO, bacharelatos, ciclos formativos, etc.

Temos 600 alumnos matriculados en todas estas etapas e o claustro consta de 75 persoas. O departamento máis numeroso é informática con 26 membros. Somos o único centro de Galicia con informática e sen estar nun núcleo urbano o que dificulta o noso acceso a internet. A nosa web www.ieschandomonte.gal contén estes datos e algúns outros.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A maior parte do alumnado procede do medio rural dun grupo de parroquias pertencentes ao concello de Marín e situadas na costa. O nivel socioeconómico do alumnado é medio. A actividade cultural da zona está centrada en Marín, como vila máis importante e centro urbano ao que están máis vinculados os alumnos. O idioma predominante no alumnado é o castelán, aínda que na súa contorna coexista co galego.

O plan dixital (PD) de centro forma parte do proxecto educativo de centro. Os obxectivos do plan dixital de centro atópanse estreitamente relacionados cos demais plans e proxectos do centro.

- *O PD contribúe a unha mellor comunicación coas familias, polo que esta estreitamente relacionado co Plan de Acción Titorial.*
- *Un dos obxectivos do PD é a individualización do proceso de aprendizaxe mediante o uso de novas formas de ensinanza e de avaliación, polo que está estreitamente relacionado co Plan de Atención a Diversidade.*
- *O Plan de Acción do plan dixital para o seguinte curso consiste nunha serie de accións para mellora do centro a nivel dixital que debe estar enmarcada na Programación Xeral Anual.*

1.3. Breve xustificación do mesmo

A normativa relativa ao plan dixital do centro é a seguinte:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

O proceso de elaboración do plan dixital correu a cargo do equipo directivo do centro no curso 21/22. Seguíronse os seguintes pasos:

- 1º PASO: Análise da situación do centro por medio do cuestionario SELFIE.
- 2º PASO: Análise da competencia dixital docente.

- 3º PASO: Análise DAFO para detectar necesidades.
- 4º PASO: Establecemento dos obxectivos do Plan de Acción.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro: o centro dispón de acceso físico á rede dende todas as aulas do centro e puntos de acceso Wifi colocados estratexicamente. O centro ten a miúdo problemas de conectividade na rede Wifi.
- Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:
 1. Aulas dixitalizadas: o centro ten unha aula dixitalizada por cada grupo do centro (36 aulas)
 2. Proxecto edixgal: o centro participa neste proxecto por primeira vez co alumnado e profesorado de 1º ESO.
 3. Equipos de xestión e administración: o equipo directivo e o persoal de administración posúe dun equipo por membro.
 4. Biblioteca: na biblioteca hai dous equipos operativos.
 5. Equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos: na sala de profesorado hai 6 equipos operativos e no departamento de informática 6 equipos.
 6. Para a virtualización e xestión de todos os servizos do centro temos 3 nodos para almacenamento de servidores e dous servidores NAS de almacenamento para as copias de seguridade.
 7. Aulas de informática comúns: o centro ten dúas aulas de informática operativas con 10+14 computadores.
 8. Aulas con ordenadores para FP básica de informática, Tecnoloxía, Ciclos de Administrativo, Frio e Informática: en total suman máis de 400 computadores.
 9. Dotacións para proxectos específicos: o centro dispón de 40 ordenadores destinados ao alumnado con poucos recursos e/ou en caso de confinamento.
- Servizos dixitais educativos: no centro úsanse os principais servizos dixitais educativos proporcionados pola administración:
 1. Abalar móbil: para comunicarse coas familias.
 2. Xade: servizo de xestión académica do centro educativo.
 3. Aula virtual Moodle: aula virtual do centro.
 4. Páxina web do centro.
- Xestión do mantemento do equipamento do centro: actualmente no centro a redución horaria total do equipo de mantemento é de 10h semanais.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

| Areas | Grupos | Ensinanzas | | |
|--|----------------|------------|-------------|-----|
| | | ESO | Bacharelato | FP |
| A -Liderado | Equipo Direct. | 3.7 | 4 | 4.2 |
| | Profesorado | 3.6 | 3.9 | 3.5 |
| | Alumnado | | | |
| B- Colaboración e redes | Equipo Direct. | 3.6 | 3.6 | 3.5 |
| | Profesorado | 3.1 | 3 | 2.8 |
| | Alumnado | 3 | 1.8 | 2.6 |
| C- Infraestruturas e Equipos | Equipo Direct. | 4.4 | 4.4 | 4.4 |
| | Profesorado | 4.2 | 3.9 | 3.8 |
| | Alumnado | 3.6 | 2.9 | 3.8 |
| D- Desenvolvemento profesional continuo | Equipo Direct. | 5 | 4.8 | 4.5 |
| | Profesorado | 3.7 | 3.9 | 3.5 |
| | Alumnado | | | |
| E- Pedagogía: Apoio e Recursos | Equipo Direct. | 4.6 | 4.5 | 3.6 |
| | Profesorado | 4.4 | 4.4 | 4 |
| | Alumnado | 3.8 | 3.5 | 3.9 |
| F- Pedagogía: Implementación na aula | Equipo Direct. | 4 | 4.2 | 3 |
| | Profesorado | 3.8 | 3.6 | 3.4 |
| | Alumnado | 3.3 | 2.3 | 3.3 |
| G- Prácticas de avaliación | Equipo Direct. | 4 | 4.2 | 3 |
| | Profesorado | 3.7 | 3.7 | 3.3 |
| | Alumnado | 3.3 | 2 | 3 |
| H- Competencias dixitais do alumnado | Equipo Direct. | 4.4 | 4.1 | 3.1 |
| | Profesorado | 3.8 | 3.4 | 3.4 |
| | Alumnado | 3.5 | 2.3 | 3.5 |

Test CDD: no curso 21/22 levouse a cabo no centro unha autoavaliación por parte do profesorado da súa competencia dixital usando a ferramenta Test CDD da consellería de educación que mostrou os seguintes resultados:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

| | N.º profesorado que participa | N.º profesorado total | % participación |
|--------------------|-------------------------------|-----------------------|-----------------|
| DEFINITIVO | 27 | 51 | 52.9 |
| PROVISIONAL | 6 | 7 | 85.7 |
| INTERINO | 4 | 8 | 50 |
| SUBSTITUTO | 6 | 9 | 66.7 |
| DESPRAZADO | 1 | 3 | 33.3 |

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

| Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| 89.2 | Integrador (B1) | 76.4 | Integrador(B1) |

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

| | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|------------|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| ESO | 81.4 | Integrador/a(B1) | 79.2 | Integrador/a(B1) |
| BAC | 81.9 | Integrado/ar(B1) | 77.9 | Integrador/a(B1) |
| F.P | 91.5 | Integrador/a(B1) | 80.3 | Integrador/a(B1) |

2.3. Distribución do profesorado por niveis

| | Total profesorado no nivel de competencia | % de profesorado participante neste nivel |
|--------------|---|---|
| A1 | | |
| A2 | 7 | 15.9 |
| B1 | 23 | 52.2 |
| B2 | 8 | 18.2 |
| C1 | 6 | 13.6 |
| C2 | | |
| TOTAL | 44 | 100 |

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

| INTERNOS | | FORTALEZAS | DEBILIDADES |
|-------------------------------|------------------------------------|---|--|
| CATEGORÍAS | INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO | C.1..Infraestrutura C.2..Dispositivos dixitais para o ensino C.7.Protección de datos C.8.Dispositivos dixitais para a aprendizaxe C.3.Acceso a Internet | C.3.Alumnado e profesorado consideran que non hai un bo acceso a Internet C.5.O alumnado considera que a asistencia técnica é insuficiente C.8.O profesorado considera que non hai suficientes dispositivos dixitais para a aprendizaxe. |
| | PERSONAL DOCENTE | D.2.Participación no DPC E.1.Recursos educativos en liña(Profesorado:4.7; Equipo Directivo:4) E.4.Comunicación coa comunidade educativa G.1.Avaliación das capacidades. | B.1.Avaliación do progreso (equipo directivo e profesores coinciden) B.2.Debate sobre o uso da tecnoloxía D.3.Intercambio de experiencias (escaso segundo o profesorado) G.5.Autorreflexión sobre a aprendizaxe(equipo e alumnado) |
| | PERSONAL NON DOCENTE | E.1.Recursos educativos en liña E.2.Creación de recursos dixitais D.3.Intercambio de experiencias F.4.Inclusión do alumnado F.5.Colaboración do alumnado | |
| | ALUMNADO | E.3.Emprego do EVA H.1.Comportamento seguro H.3.Comportamento responsable Seguimento das súas materias a través do EVA ou da AV | H.5.Recoñecer o traballo dos demais(coinciden alumnos e profesores) G.6.Comentarios a outros alumnos sobre o seu traballo |
| | FAMILIAS | Reciben notificacións a través de Abalar Poden xustificar as faltas e/ou solicitar titorías Facer seguimento das tarefas do alumnado a través da Aula Virtual Non precisar empregar software de pago para a realización das tarefas(pregunta específica do centro nº5) Poder atopar toda a información que se precise na web do centro. | B.2.Debate sobre o uso da tecnoloxía. |
| | OFERTA | | |
| ORGANIZACIÓN DO CENTRO | | | |

| EXTERNOS | | OPORTUNIDADES | AMEAZAS |
|------------|---------------------------------|---|--|
| CATEGORÍAS | ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA | A.1.Estratexia Dixital D.3.Intercambio de experiencias E.3.Emprego de EVA | B.2.Debate sobre o uso da tecnoloxía B.3.Colaboracións C.5.Asistencia técnica |
| | LEXISLACIÓN | C.7.Protección de datos | 1.Escaso coñecemento sobre dereitos de autor e licenzas de uso |
| | CONTORNA | | 1.Fenda dixital persoas maiores 2.Fenda dixital colectivos desfavorecidos 3.Escasa participación das empresas na estratexia |
| | ANPA | | 1.Escasas actividades extraescolares de formación en TIC 2.Escasas actividades extraescolares de navegación segura en Internet. |
| | OUTRAS ENTIDADES | 1.Infraestrutura 2.Fenda dixital:medidas para identificar retos 3.Fenda dixital: apoio para identificar retos | 1.A colaboración con outras entidades é valorada con 3.1. polos propios docentes 2.Sinerxias para a aprendizaxe mixta. |

3. Plan de Acción

O Plan de Acción anual consiste nas accións que se levarán a cabo cada curso escolar para cumprir cos obxectivos do Plan Dixital. O Plan de Acción establécese a partir das necesidades e recursos dispoñibles detectados no curso 2021-22 cando se elabora que é cando se elabora e será modificado anualmente segundo a evolución da consecución dos obxectivos e dos recursos dispoñibles.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Unha vez realizada a análise DAFO identifícanse as áreas de mellora prioritarias xunto coas debilidades e fortalezas do centro. Isto permite fixar uns obxectivos para o curso académico actual, que teñen que ser específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal. Os obxectivos e as accións necesarias para cumprimentar ditos obxectivos, así como a súa secuenciación e indicadores de consecución establécense nas seguintes táboas:

Táboa 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

| “Área/s de mellora”: C- Infraestructuras e Equipos | | | | | | |
|---|--|------------------------------|--------------------------------|---------------------------------|--------------------|--|
| 1. OBXECTIVO (1): | Mellorar a conexión a Internet: aplicación do Plan para acadar unha velocidade de 1Gbps. | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Consellería de Educación. Xunta de Galicia | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Multiplicar por 5 a velocidade acceso a internet da nosa rede | | | | | |
| Valor de partida (3) | Actualmente a velocidade é de 200 Mbps | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | Velocidade de 1Gbps | | | | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| AO1.1:Solicitud de aplicación do Plan á Xunta de Galicia | Equipo de Mantemento | 2º TRIMESTRE curso 2021/22 | Escrito ou solicitude | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| “Área/s de mellora”: C- Infraestructuras e Equipos | | | | | | | |
|---|---|------------------------------|--------------------------------|---------------------------------|--------------------|--------------------|--|
| 2. OBXECTIVO (1): | Mellorar o equipamento informático do centro | | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Consellería de Educación. Xunta de Galicia | | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | 3 aulas de informática (93 equipos) con computadores novos (min i5 11 ^a xer + 16GB + SSD/NVMe) | | | | | | |
| Valor de partida (3) | Actualmente equipos de 2007, Dell Optiplex 740-745-755 | | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | A determinar | | | | | | |
| ACCIÓN A DESENVOLVER | | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLE S (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | | |
| AO2.1:Solicitud de aplicación do Plan á Xunta de Galicia | Equipo de Mantemento | A determinar | Escrito ou solicitude | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |

| “Área/s de mellora”: C- Infraestructuras e Equipos | | | | | | | |
|---|---|------------------------------|--------------------------------|---------------------------------|--------------------|--------------------|--|
| 3. OBXECTIVO (1): | Aumentar o tempo de soporte ao sistema informático (creación e mantemento ferramentas locais e web/xestión de rede/servidores/estacións de traballo/soporte usuarios) | | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Consellería de Educación, Servizo de Inspección. Xunta de Galicia | | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Horas de redución asignadas ao equipo de mantemento informático do centro | | | | | | |
| Valor de partida (3) | 10 horas /semanais de redución horaria | | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | 40 horas /semanais de redución horaria do profesorado | | | | A determinar | | |
| ACCIÓN S A DESENVOLVER | | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLE S (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | | |
| AO3.1:Solicitud de aplicación do Plan á Xunta de Galicia | Equipo de Mantemento | A determinar | Escrito ou solicitude | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |

| “Área/s de mellora”: B- Colaboración e redes | | | | | | | |
|--|---|---|--|---------------------------------|--------------------|--------------------|--|
| 4. OBXECTIVO (1): | Mellorar a participación das empresas na estratexia | | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Equipo do Plan Dixital do Centro coa colaboración da Coordinación de FCT. | | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Na área A.Liderazgo e no apartado A.6.Participación das empresas na estratexia o SELFIE de FP arroxou os seguintes resultados : 2,4 o equipo directivo e 2,7 o profesorado para unha media de 2,5 | | | | | | |
| Valor de partida (3) | Pouca ou escasa participación das empresas na estratexia dixital do centro. | | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | Mellorar de xeito significativo dita participación | | | | | | |
| ACCÍONS A DESENVOLVER | | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLE S (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | | |
| A04.1:Obter un listado de empresas coas que se teña algún tipo de contacto | Coordinación FCT | Último trimestre curso 2021-22 | Base de datos das empresas | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |
| A04.2:Programar ou planificar sesións informativas coas empresas ou ben informales sobre o Plan Dixital | Equipo do Plan Dixital do Centro | A partir da aprobación do Plan Dixital do Centro. | Documentos informativos ou sesións de información. | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |
| A04.3:Propoñer vías de colaboración coas empresas e recoller as súas propostas sobre o Plan Dixital | Equipo do Plan Dixital do Centro. | Unha vez informadas as empresas sobre o Plan Dixital do Centro. | Documentos de recollida das propostas | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |

| “Área/s de mellora”: E- Pedagogía:Apoio e Recursos | | | | | | | |
|---|---|--------------------------------|--|---------------------------------|--------------------|--------------------|--|
| 5. OBXECTIVO (1): | Debate sobre o uso da tecnoloxía e avaliación do progreso | | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Departamento de Formación | | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Celebración de:charla/s ou mesa/s de debate sobre o tema | | | | | | |
| Valor de partida (3) | A área B.Colaboración e Redes e en concreto o apartado B.2.Debate sobre o uso da tecnoloxía, acadou unha puntuación media de 3,1 no SELFIE de F.P (de 2,9 para o profesorado).A Avaliación do progreso .O apartado B.1 da mesma área acaou unha puntuación de 3.3 (3.4 o equipo directivo e 3.2 do profesorado) | | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | Mellorar a valoración anteriormente sinalada | | | | | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | | |
| A05.1:Celebración dunha ou varias mesas de debate sobre o uso da tecnoloxía | Departamento de Formación./Profesorado | 1º trimestre do curso 2022-23 | Convocatoria e anuncio | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |
| A05.2:Charla/s sobre o uso da tecnoloxía: para profesorado, alumnado e pais/nais | Departamento de Formación. Orientación. Escola de Nais e Pais do centro. | Curso 2022-23 | Convocatoria e anuncio. Contratación experto/s | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |
| A05.3:Reunión para valorar as acción realizadas | Departamento de Formación. Equipo do Plan Dixital do Centro. | Último trimestre curso 2022-23 | Acta que recolla as valoracións | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |

| “Área/s de mellora”: D- Desenvolvemento Profesional continuo | | | | | | | |
|---|--|------------------------------|---|---------------------------------|--------------------|--------------------|--|
| 6. OBXECTIVO (1): | Mellora da competencia dixital do: profesorado, alumnado e das familias | | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Departamento de Formación. Equipo do Plan Dixital do Centro | | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | No SELFIE relativo á F.P e no apartado dos “Factores que limitan o uso das tecnoloxías”, un 60% do equipo directivo sinalou a falta de tempo para os profesores e un 40% do mesmo que os profesores tiñan competencias dixitais insuficientes. Case que o 30% do profesorado indicou que os alumnos manifestan competencias dixitais insuficientes e un 80% do equipo directivo e un 42% do profesorado incidiu na baixa competencia dixital das familias. | | | | | | |
| Valor de partida (3) | A puntuación media do test CDD foi de 89,2 sobre 192 o que indica un nivel de competencia INTEGRADOR (B1) | | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | Mellorar o nivel de competencia no seguinte test CDD a realizar | | | | | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | | |
| A06.1:Mellora das competencias dixitais dos profesores/as | Departamento de Formación e Profesores/as | Curso 2022-23 | Cursos de formación (na liña dos celebrados neste curso 2021-22) | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |
| A06.2:Mellora das competencias dixitais dos alumnos/as | Profesorado dos ciclos formativos | Curso 2022-23 | Recoller nas programacións oficiais accións de mellora das competencias dixitais e contidos relacionados. Emprego de entornos virtuais de aprendizaxe e software oportuno | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |
| A06.3:Melloras das competencias dixitais das familias | ANPA Escola de Nais e Pais | Curso 2022-23 | Actividades: charlas, cursos, ...para mellorar as competencias dixitais das familias. | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |

| “Área/s de mellora”: B- Colaboración e redes | | | | | | | |
|---|--|------------------------------|---|---------------------------------|--------------------|--------------------|--|
| 7. OBXECTIVO (1): | Mellorar as colaboracións e comunicacións para compartir experiencias e aprender de xeito efectivo dentro e fóra da organización | | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Xefe/a de Estudos | | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Porcentaxes de participación nos foros das Aulas Virtuais e outros | | | | | | |
| Valor de partida (3) | A puntuación acadada polo profesorado do centro no test CDD foi de 5,3 sobre 10 | | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | Incrementar a puntuación anterior. | | | | | | |
| ACCIÓN A DESENVOLVER | | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | | |
| A07.1: Formación do Profesorado | Departamento de Formación | Ao longo do curso 2022-23 | Expertos e material(equipos informáticos, software...) | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |
| A07.2: Posta en funcionamento dunha Aula Virtual para favorecer a comunicación entre o profesorado | Coordinador/a TIC | 30 setembro 2022 | Materiais (equipos informáticos, software...) | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |
| A07.3: Participación no foro/s da Aula Virtual | Coordinador/a TIC Xefe/a Estudos | 30 xuño de 2023 | Materiais necesarios | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Mantemento

O noso sistema informático ten necesidades derivadas do, cada vez maior, emprego da tecnoloxía polos usuarios e usuarias. Almacenamento de arquivos, control do acceso a internet, desenvolvemento de aplicacións propias para diferentes xestións, atender a unha comunidade de 800 persoas, dar mantemento máis de 400 computadores e 3 nodos de virtualización e resto de servizos online non é unha tarefa sinxela. É doado entender que esta infraestrutura só se pode manter cun apoio, un persoal e unha dedicación a longo prazo. Todo o contrario ocorre se algún destes servizos se externaliza posto que as empresas que poden enviar persoal para atender as tarefas máis básicas fan unha alta rotación do mesmo. Ata o curso 21/22 estes servizos foron atendidos con descarga horaria do responsable TIC e outros compañeiros/as do departamento de informática pero semella que esta solución non é factible e déixase nunha redución de 10h/semana que fan imposible este labor. Pode ser que o ROC non contempla persoal para atender esta demanda real ou ben que o servizo de inspección non entende o alcance do problema pero non se presenta unha solución no curto prazo.

Material

Como se citou anteriormente as computadoras máis avanzadas do centro teñen un procesador Intel de 6 xeración (i5 6600), 8GB de RAM e disco duro de 1TB. Isto é claramente insuficiente no 2022 para as necesidades de virtualización (a finalidade é dar unhas clases áxiles e aproveitadas no seu tempo) que requiren os nosos postos de traballo en aulas de informática (de 1 a 4 máquinas virtuais para simular pequenas LANs). Os computadores máis antigos non superan, na práctica, nin un uso básico que se pode dar para ferramentas ofimáticas, navegación web e edición online en plataformas como Canva, Prezi, etc.

Así mesmo o tráfico de grandes volumes de datos vese condicionado por dous limitantes:

- 1Gb de transferencia interna para mover arquivos pesados e que fai necesaria a ampliación a 10Gb, ao menos na troncal das nosas conexións co servidor.
- 200Mb de enlace con internet que son claramente insuficientes para o noso volume de máquinas e para o uso didáctico que a rede ten na aula.

4. Avaliación do plan

No procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, teremos en conta:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.
- **Difusión do plan**
- As canles de difusión serán as acostumadas neste tipo de documentación. Para conseguir que estea o máis dispoñible posible pendurárase o documento na páxina web, no apartado O Centro. O profesorado será informado oportunamente na reunión de claustro de todas as liñas de acción que se emprenden a partir de agora.